

## PROPOSTA DE CRITERIOS PARA OUTORGAR A DISTINCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

De acordo coa lexislación vixente, o alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obteña unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 % ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

No caso de haber un número de candidatos/as superior ao número de matrículas de honra que o centro poida outorgar, a Comisión de Coordinación Pedagóxica acorda que esta distinción se adopte conforme aos seguintes criterios:

1.º A nota media da etapa, obtida a partir da media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

2.º No caso de que o equipo educativo da ESO non estea de acordo por unanimidade co resultado da asignación conforme ao criterio 1.º, calcularase a media ponderada en función das horas lectivas de todas as materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

A distinción de matrícula de honra consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.